



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 18.09.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.10 h do 18.09.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permy Meizoso, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria accidental:

Carmen López Villar

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión

De seguido interviñe a concelleira de Seguridade, Facenda e Patrimonio e Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a urxencia ven motivada porque as alegacións ao orzamento presentáronse o último día de exposición ao público, o 22 de agosto co cal o último día para resolvelas sería o 22 de setembro. Tendo en conta que as alegacións non daría tempo a levalas á Comisión de Dinamización Económica que será, de ordinario, o 24 de setembro e tampouco ao Pleno de outubro, este é o motivo de decidir convocar este Pleno extraordinario para desestimar as alegacións, segundo consta na Proposta da alcaldía e tamén hai que ter en conta que hai numerosos asuntos esperando a que entre en vigor este orzamento para poder seren aplicados.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permy Meizoso, que comeza desculpando aos seus compañeiros de grupo por non poder asistir. Di que unha vez máis vese a falta de transparencia deste goberno e a ditadura que sofre á oposición, que obriga a non poder acudir a este Pleno por motivos persoais. Di que non se recibiu ningunha chamada telefónica, nin ningún correo electrónico para consensuar este Pleno, polo que lles foi imposible asistir. Respecto da urxencia anuncia que o seu grupo votará en contra, xa que o PP criticou durante meses as urxencias e hoxe traen o orzamento aquí, ademais dun xeito extraordinario urxente, sen convocar unha Comisión, non se contestan as alegacións presentadas pola CIG e non comprende como se pode dicir que é urxente, cando os prazos están taxados, hai un mes, e espérase ao último día, a última hora, para convocar o Pleno. Remata dicindo que este xeito de actuar é unha falta total de transparencia.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo vaise abster.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que vai votar en contra porque non hai moito tempo que aquí votouse para atrás uns orzamentos, precisamente porque viñan por urxencia aínda que nun Pleno ordinario. O feito de que a CIG presentase alegacións o último día non significa que o goberno teña que esgotar o prazo, sobre todo logo de manifestar a urxencia para aprobar os orzamentos, culpando incluso a que a presentación das alegacións non deixou botar a andar estes orzamentos. En calquera caso, quere que conste en acta, que dende que o PP volveu ao goberno estase dando o caso de que é a primeira vez que non se consulta coa oposición as convocatorias de plenos, comisións extraordinarias, nin nada que fose fóra do habitual. En ningún momento, dende a democracia do Concello ocorreron



estes feitos, nin sequera cando o PP criticaba a falla de talante dialogante do anterior goberno e agora, resulta que todo o que criticaron o están a facer. Di que non lle ve a urxencia por este motivo e porque entende que hai cousas que non se fan deste xeito e que hai un ano non valían e agora si que valen.

Sometida a urxencia a votación foi ratificada por maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene), 3 abstencións do grupo municipal Socialista e 3 votos en contra (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

2. Exame das alegacións presentadas e, no seu caso, aprobación definitiva do orzamento municipal para o exercicio 2018

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 14.09.2018, que copiada literalmente di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: EXAME DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E, NO SEU CASO, APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018.

Expte: 2018/G006/000019

Logo de ver o expediente tramitado para a aprobación dos Orzamentos do ano 2018, formado polo Sr. Alcalde-Presidente e aprobado inicialmente no Pleno do 30 de xullo de 2018.

Logo de ver que no período de exposición pública que abarcou, desde a súa publicación oficial no BOP nº 144 do 31 de xullo de 2018 ata o día 22 de agosto de 2018, presentáronse as seguintes alegacións:

- de D. Jesús Sánchez Cea (nº rexistro de entrada 5292/2018 do 22 de agosto de 2018), en nome da Confederación Intersindical Galega que realiza dúas alegacións.

Logo de ver o Informe de Intervención de data 14 de setembro de 2018 no que se propón a desestimación das alegacións presentadas por non corresponder ás causas taxadas para alegar en contra dos orzamentos recollidas no artigo 170.2 do TRLHL.

De conformidade co disposto no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, elévase ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR as alegacións presentadas por D. Jesús Sánchez Cea (nº rexistro de entrada 5292/2018 do 22 de agosto de 2018), en nome da Confederación Intersindical Galega por non corresponder ás causas taxadas para alegar en contra dos orzamentos recollidas no artigo 170.2 do TRLHL.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Fene para o exercicio económico 2018 xunto cos documentos que o integran, dando conta á Comisión Informativa de Dinamización Económica na súa primeira sesión que celebre, en cumprimento do disposto no artigo 126.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sendo o resumo por capítulos o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Previsión Inicial
1	Impostos directos	4.336.785,79
2	Impostos indirectos	158.459,13
3	Tasas e outros ingresos	2.381.750,22
4	Transferencias correntes	3.663.702,48



5	Ingrésos patrimoniais	49.890,98
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	50.000
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS.....		10.640.588,60

ESTADO DE GASTOS		
Capítulo	Denominación	Crédito Inicial
1	Gastos de personal	4.428.285,67
2	Gastos en béns correntes e servizos	4.842.094,27
3	Gastos financeiros	17.420,89
4	Transferencias correntes	724.126,45
5	Fondo de contingencia	390.000,00
6	Investimentos reais	152.425,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	50.000,00
9	Pasivos financeiros	36.236,32
TOTAL ESTADO DE GASTOS.....		10.640.588,60

TERCEIRO.- Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira para o exercizo 2018 de acordo cos cálculos da regra de gasto e que ascende a 10.835.290,50 €

CUARTO.- Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.260.542,74 euros.

QUINTO.- Publicar o Orzamento definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

SEXTO.- Remitir copia do referido Orzamento á Administración do Estado así como á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto no artigo 169.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal."

Abre o debate a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que quere aclarar que o goberno non critica que unha central sindical ou un representante dos traballadores presente alegacións o último día do prazo, como se recolle nos antecedentes de feito da Proposta da alcaldía. Como se lle contestou ao grupo municipal do BNG no Pleno ordinario de setembro, o goberno seguiu os trámites legais establecidos respecto das alegacións e por iso, amparado na normativa, desestímase. Por outro lado non lle parece procedente nin coherente que o BNG ou EU compare a desestimación dunhas alegacións ao orzamento coa tramitación dun orzamento, como fixo o BNG no 2016 presentando os orzamentos como unha moción urxente nun Pleno ordinario. O Pleno convocouse o venres pola mañá, hoxe é martes e a documentación estivo na súa man. O informe de Intervención que acompaña á Proposta da alcaldía é bastante claro, trátase dunha normativa na que non hai que ser un experto legal para entender os motivos que permiten desestimar esas alegacións. Tirando de hemeroteca, o anterior ao goberno tramitou dous orzamentos, un no 2015 e outro o proxecto de moción urxente no 2016 e a convocatoria da Mesa de Negociación foi exactamente igual: Dación de conta da plantilla do Persoal. Daquela a intervención da hoxe voceira do grupo municipal do BNG, naquel momento Concelleira de Persoal, foi igual, coa diferenza que no ano 2016 a Mesa de Negociación durou exactamente 13 minutos e este ano 01:40 h. Tamén foi igual no ano 2014 na que non houbo modificacións na RPT nin nos orzamentos. Os gobernos cumpren coas obrigas legais establecidas e van seguindo os pasos que hai que seguir, por iso este goberno tampouco os inventa. As alegacións á Plantilla están totalmente acreditadas no informe de Intervención e logo, a previsión



dos gastos en materia de servizos, do que todos son coñecedores, acréditase no informe que acompañaba ao orzamento municipal. Estes son todos os razoamentos para desestimar as alegacións presentadas pola CIG.

De seguido fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que dille á Concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que a súa intervención na Mesa de Negociación foi de 3 minutos e o resto do tempo foi intervención da parte sindical, polo que vostede negociou pouco, xa que o primeiro que dixo é que non había nada que negociar. Pensa que si que había algo que negociar, de feito había unhas gratificacións de 3000 euros para a Área de Seguridade, sobre o que non está en desacordo, pero pensa que si se podía ampliar a outras Áreas e Servizos, sempre con criterios obxectivos. Pero non se negociou nada, xa que de 1.40 h, 1.35 h foi intervención sindical. A boa fe quedou acreditada pola CIG cando se prestou a dialogar e negociar para chegar a acordos con esta Corporación, quedou ratificada sobre todo nos seus escritos. Para o seu grupo, os cambios dos postos de traballo non tiveron xustificación nin fundamento. Pensa que o BNG foi xeneroso cando estivo no goberno porque nunca puxo ningún impedimento en negociar, sempre que fose para o ben dos traballadores e traballadoras. Pensa que son necesarias as xuntanzas para o convenio do 2019 e reitera a boa fe que ten, cando menos a CIG. Quere que conste na acta unha nota que emitiu a CIG para desmontar algunhas das mentiras do PP e intenta entregarlle unha copia á secretaria para introducila na acta.

De seguido intervén o alcalde que di que non admite isto no Pleno, a CIG se quere presentar algo o debe facer polo conduto procedente, e moito menos que o presente o BNG pola CIG. O rexistro esta aberto a recibir escritos e este é un escrito da CIG para o BNG, polo que non se admite que o BNG presente o escrito da CIG neste Pleno.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que vai distinguir entre fondo e formas. O fondo é o orzamento, que xa esta debatido e xa deu a súa opinión como grupo político. Respecto das formas esta sorprendido con este proceso e coa intervención do BNG e da súa concelleira. Esta convencido de que en Fene, CIG e BNG son exactamente o mesmo, a CIG é a que manda e os concelleiros do BNG veñen ao Pleno a facer o que manda a CIG. Isto vén sendo dende hai moitos anos e non vén de agora. Na alegación que presentan aos orzamentos, vostedes, xa que é igual que sexa CIG ou BNG, alegan cuestións que son desmontadas unha tras outra polo informe de Intervención, non porque puideran ter ou non razón, senón porque directamente se lles di que alegan sobre materias que non son obxecto de negociación respecto dos orzamentos por parte das centrais sindicais. Os motivos reais polos que a CIG e o BNG presentan esta alegación non é por un tema orzamentario, que podería ter motivos para poder exercer a crítica como no seu momento tamén fixo o PSOE e por iso non os apoiou. O que queda ben claro, segundo dixo o asesor da CIG na Mesa de Negociación é que o problema de verdade, que é o que acaba de dicir a concelleira do BNG, é que algún dos traballadores volveron ao seu posto de traballo. Ese é o verdadeiro problema. Neste Concello, O BNG leva moitos anos facendo en persoal o que lles deu a gana, movendo de arriba para abaixo e ao revés sen ningún tipo de criterio máis que o interese particular e persoal, iso si, pobre de quen se desviase medio milímetro da norma, porque era o maior sinvergónza que vivía baixo as estrelas, cando vostedes levan feito o que non hai nos escritos. Hoxe veñen aquí ao esperpento de que se presentan unhas alegacións ao orzamento porque resulta que hai dous traballadores favorecidos polo BNG e pola CIG, que resulta que volveron ao seus postos de traballo, postos que están recollidos na RPT que ese mesmo sindicato apoiou. Agora Deus libre a ninguén de facer algún tipo de nomeamento polos mesmos mecanismos que usou o BNG, porque entón serían os maiores sinvergónzas baixo as estrelas. Dende logo, vir aquí a facer circos e formular chantaxes institucionais ante os orzamentos que queren que lles volvan colocar a dous privilexiados que o BNG favoreceu durante o seu mandato de goberno non ten razón de ser e hai que ter pouca vergoña para ter este tipo de actitudes. Aquí non se ven hoxe a discutir de orzamentos, non era esa a cuestión, a CIG non presentou alegacións aos orzamentos porque non se ve en ningún dos documentos que presentaron, o que si se ve nas súas intervencións, na intervención do seu asesor na Mesa de Negociación é que hai un interese por recuperar os privilexios destes traballadores, que vostedes pensan que son os únicos neste Concello que están lexitimados para dar e tomar privilexios cando aquí o que se trata é de xestionar dereitos e, neste caso, CIG e BNG non teñen nada que dicir e é unha absoluta vergoña as palabras que se dixeron neste Pleno. O único que vén dicir é que hai unha organización sindical e un partido político que cando se acaban os seus privilexios se pensan que poden montar as chantaxes institucionais que creen oportunas. Merecer, merecían que votaran exactamente o contrario do que votasen vostedes, pero no fondo hai uns orzamentos que o seu grupo tampouco apoia e que seguirán sen apoiar. Por todo isto o seu grupo vaise abster sentindo vergoña allea do que hoxe se veu a traer aquí.



A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto Municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que parécelle increíble o que acaba de escoitar do voceiro do grupo municipal Socialista. Este é un Pleno que trata sobre os orzamentos e unhas alegacións e resulta que o voceiro dun partido que se fai chamar socialista e obreiro ataca, Pleno tras Pleno, aos partidos de esquerdas facilitando sempre a labor do PP. Xa sabe que PSOE e PP teñen a mesma política, pero estase vendo que en Fene é dun xeito moi especial. Di que o voceiro do grupo municipal Socialista criticou que o BNG non faga nada que non diga a CIG, pero ela percibe dende o seu sitio que no PSOE de Fene pasa o mesmo e, pon como exemplo o dito pola voceira do grupo municipal do PP que dixo que non lle parecía coherente a comparación con traer por urxencia os orzamentos do 2016. Ela explicou en varios Plenos, xa que ela estivo na Xunta de Voceiros cando o anterior alcalde propuxo traelos daquel xeito; naquela Xunta de Voceiros estaba o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Ayala, o señor Galego e ela, falouse de levalos no xeito no que se presentaron e todos estiveron de acordo, incluso o señor Joaquín Ayala. O que pasou foi que cando llo dixo ao voceiro do grupo municipal Socialista supón que cambiou o conto, porque no seu partido non se move unha folla sen falar con el. Por iso non pode falar de que aquí non se moven un papel sen falar coa CIG, xa que foi testemuña de acordos aos que se chegaron sen estar vostede e cando vostede volvía a cousa xa cambiaba. Respecto de traballadores privilexiados di que non sabe se no Concello hai este tipo de traballadores, xa que do lixo cambiouse un traballador e pensa que non é votante do BNG. Hai algún traballador privilexiado, efectivamente, porque hai algún que entrou encargado que si que é privilexiado. Di que para ela, a vergoña é chamarse socialista e obreiro e negarse a atender aos traballadores e traballadoras. Lémbrelle ao voceiro do grupo municipal Socialista que el foi concelleiro de Persoal e os traballadores e traballadoras municipais fixéronlle folga. Respecto do que se dixo de que houbo tempo para ver a documentación non é certo, xa que o Pleno convocouse o venres ás 15.00 h, polo que ata onte non se puido vir ver a documentación. Bota en falta un informe de secretaria e bota en falta que se convoque unha comisión previa, pero dende que se entregou o escrito de alegacións houbo tempo de miralo e convocar unha comisión. En calquera caso houbo tempo de facer unha xuntanza de Voceiros e poder falar de todo isto e non darlles copia do escrito e dicirlles que xa verían o que facía o goberno, xa que o escrito non tiña nin pes nin cabeza; este é o talante de diálogo do PP. Botou en falta a urxencia de negociación, xa non só por representantes dos traballadores do Concello, senón que os orzamentos non se negociaron con ningún departamento do Concello. Non é certo que non existan cambios, á Mesa de Negociación por cuestións de saúde non puido asistir, pero leu a acta. Nesa acta a voceira do grupo municipal do PP, recalcou moitas veces que isto é un mero trámite, pero houbo cambios, introduciuse unha partida para pagar bonificacións, das que pode estar de acordo, pero non só para un colectivo, xa que hai traballadores que levan traballo para casa e pensa que isto habería que sentarse e negocialo doutro xeito. Hai partidas para cursos só para un colectivo. Hai cambios de persoal e na Comisión informóuselles que o cambio non é unha caza de bruxas, senón que o que se pretende é que cada traballador ou traballadora volva ao posto de traballo que lle corresponde, pero é curioso que en seis meses non tivesen tempo a facer todos os cambios, só no lixo, no tema eléctrico e no encargado, por iso non sabe se a intención é voltar a todo o mundo ao seu posto, pero pensa que deu tempo a facer algo máis. O curioso é que para o caso do persoal eléctrico colouse a unha persoa allea ao Concello sen que se lle informase se existe contrato, do seu custe e outras cuestións. No caso do encargado negouse dito cambio durante moito tempo, se lles dixo que seguía sendo a mesma persoa cando ten constancia que dende a primeira semana que chegaron ao goberno se fixo unha xuntanza co persoal e se lles dixo: este é o novo encargado a partir de agora; así a día de hoxe descoñecen os criterios que propiciaron o dito cambio, máis alá de persoa de confianza. Entende totalmente lexítimas e de sentido común as peticións feitas, así roga que consten na acta as peticións coas que EU esta de acordo:

-O PP, co apoio de Somos Fene, quixeron substituír a obrigatoria negociación colectiva das partidas de gastos e as condicións de traballo por unha xuntanza que fixeron de dación de contas.

-Cando se dixo nesa xuntanza que non había nada que negociar porque non se cambiara nada e aclara que non é certo.

-Na nota de prensa que saíu díxose que por culpa desas alegacións non se podía pagar a suba salarial do 1,75% e o incremento salarial xa estaba na nómina do mes.

-Lamenta que o PP, co apoio de Somos Fene, obvie a disposición ao diálogo que sempre tiveron os representantes sindicais e os representantes dos traballadores.

-A demora na aprobación definitiva do orzamento non é polo prazo no que se presentaron as alegacións senón que hai alegacións, o que significa que o goberno algo fixo mal para que se teñan presentado.

-Lamenta que a señora Bértoa descoñecera que a suba do 1,75% xa estaba cobrada cando a nova saíu no xornal.



-O Concello pode pagar atrasos coa nómina estean aprobados ou non os orzamentos co crédito procedente das prazas vacantes, prazas que non se cubriron nin se van cubrir, xa que o PP non ten interese.

-Cando se fala de que por culpa das alegacións da CIG non se van poder ampliar en setembro as horas de atención do SAF, pídelles á concelleira de Facenda que volva estudar o orzamento 2018 e dílle que ademais se contradí co que dixo nos xornais e coas declaracións do alcalde na radio local o 24.08.2018.

-Tamén falouse de que as demoras no alumeadado público responden a que vostedes trasladaran ao electricista, que viña prestando o servizo a peón de limpeza viaria, e por coincidir co outro electricista que estivo de vacacións, non houbo persoal que puidera atender o servizo.

-Bota en falta que non abra un diálogo de negociación baixo o principio de boa fe para negociar con criterios obxectivos segundo as necesidades dos diferentes servizos e pídelles ao goberno que teña talante negociador, que retome a negociación cos traballadores e traballadoras porque, aínda que non é moi partidaria dunha folga, se a houbese ou se producise calquera mobilización por parte dos traballadores, o seu grupo a apoiaríala.

-Quere que conste na acta que non se fai entrega do escrito no Pleno porque o alcalde non o admite.

De seguido pregúntalle o alcalde á voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, se tamén quere facerlle entrega do escrito da CIG?.

A voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, pregúntalle se admite que llo entregue ela?. Contéstalle o alcalde que non.

Prosegue a dicir a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que quere que conste na acta que non fai entrega do escrito porque o alcalde non llo admite.

A continuación o alcalde di que o que se dixo é que o escrito haino que presentar polo conduto legal oportuno, que non é o Pleno.

De seguido a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, pide que conste en acta que non se admite a entrega do escrito da CIG e as súas palabras, moitas delas do escrito de alegacións da CIG.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que dílle á voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que este goberno quería ser elegante e non entrar a discutir nin falar de determinadas alegacións que manifestou a CIG no seu escrito e que lles pareceron aberrantes, como o que aconteceu na Mesa de Negociación. Non pode entender como un sindicato que leva tantos anos arraigado neste Concello, que se formou case que paralelamente e ao mesmo tempo que o goberno nacionalista que gobernou durante tantos anos e que agora a voceira do BNG fixera referencia a isto. Subscribe todas as palabras ditas polo voceiro do grupo municipal Socialista, reitera que o seu grupo non quería entrar nisto e centrarse só nas alegacións resoltas polo informe de Intervención, pero vese obrigada a contestar. Entende moi ben que o voceiro do grupo municipal Socialista tivese que contradicir o dito pola voceira do grupo municipal do BNG. Pensou que no BNG había algo máis de formación, de intelixencia e prudencia. Dílle á voceira do grupo Mixto municipal que se converteu na fedataria pública da Xuntas de Voceiros, pois semella que o que di vai a misa e que di a verdade absoluta, así en todos os Plenos hai unha intervención súa poñendo na boca de calqueira dos concelleiros que non están do seu lado as palabras que lle veñan en gana, dando igual o que se discuta, xa que converteuse en fedataria. Pregúntalle á voceira do grupo Mixto municipal se sabe que neste Concello hai traballadores que non pertencen á CIG?, sabe quen ostenta a presidencia da Xunta de Persoal?. Respóndelle que que non é a CIG senón o CSIF. Contéstalle que é normal que non o saiba porque iso debe ser para eles como un varapalo. Dicir e arrogarse aquí as alegacións da CIG por parte do BNG e de EU di moi pouco de da voceira do grupo Mixto municipal. Na Mesa de Negociación estaban representados todos, aínda que a voceira do grupo Mixto municipal non asistira desculpando a súa ausencia, pero a concelleira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso si estivo, o partido Socialista estaba presente e o PP tamén, por iso non pode dicir que o PP, co apoio de Somos Fene, xa que isto é un goberno de 9 concelleiros, aínda que non lle guste, aínda que os partidos de esquerdas, aquela confluencia astronáutica que fixeron que non foi máis que un papel, aquí hai un goberno de 9 concelleiros que pensa no pobo e nos veciños, aínda que cando saian pola porta un sexa do PP e outro de Somos Fene, igual que pola súa banda son 5 concelleiros na oposición, con independencia do partido a que representen. Na Mesa de Negociación a concelleira Permuy en ningún momento solicitou a palabra pero se se revisan as actas das Mesas, o PP sempre solicita a palabra e intervéen. O certo é que o



BNG estivo presente e non dixo absolutamente nada. Iso foi así porque nas Mesas de Negociación, cando a concelleira Permuy era presidenta e levou a dación de conta da plantilla de persoal fixo exactamente o mesmo, non falou nin 3 minutos, falaba 30 segundos, tendo en conta que contaba coa secretaría municipal e un asesor. Quen abandonou a Mesa de Negociación?, foi un representante do CSIF, un da CIG ou da UGT?. Non se abandonou a sesión pola actitude do goberno nin da presidencia senón pola actitude do asesor da CIG, porque vostede, pola concelleira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, estivo alí e sabe que durou 01.40 h, co receso, desgrazadamente, do minuto de silencio pola muller asasinada en Galicia. Un representante da CIG abandonou a mesa e foi polo actitude do asesor da CIG. Por iso cando se vén aquí co escrito da CIG debían ser moito máis prudentes e se lle enche a boca ao dicir que tamén quere achegarllo ao Pleno. Debe ter en conta que aquí hai máis traballadores, algúns representados polo CSIF, outro pola UGT e outros que non os representa ningún porque en ningún creen. Se vostedes que falan aquí de fascismo e autoritarismo porque non pensan cal é o motivo de que os demais sindicatos non presentaron alegacións aos orzamentos, porque queren que entren en vigor e que siga todo funcionando. Di que o BNG estivo no goberno tres anos e cando fai alusión as partidas orzamentarias, demostran que non teñen nin idea, logo de levar Persoal e outras Áreas, así a voceira do grupo Mixto municipal preguntou canto se pagaron de axudas de emerxencia social?, e despois dinlle a ela que ten que aprender como é un orzamento, alguén que foi concelleira. Dille aos concelleiros do anterior goberno que se volveron escravos das súas palabras, porque dicir iso é retomar algunha Comisión de Persoal cando se dixo que non se podía pagar gratificacións porque non existe partida orzamentaria para elo, porque non hai orzamentos. Se tan doado é pagar gratificacións e a suba salarial co resto das partidas do remanente porque non o fixo o anterior goberno?. A día de hoxe o orzamento que hai é o do ano 2015 e pregúntalles se son conscientes disto?. É certo que non hai que saber de todo, pero presentouse unha alegación sobre as gratificacións dos funcionarios e non lle parece correcto, cando estiveron na Mesa de Negociación, aínda que é certo que non teñen porque intervir, incluso poderían non vir, pero é que tamén estiveron nun Pleno único e exclusivo para tratar os orzamentos municipais e se se revisan as actas das intervencións do BNG ou EU non houbo nin unha soa intervención en relación a isto, nin cando tivo a reunión previa á Comisión de Facenda, onde se presentou un borrador de 11 folios e tampouco nada se dixo en relación ás gratificacións. Dilles que se confunden porque este é un Pleno para resolver as alegacións dun sindicato, pero como o sindicato non pode estar presente aquí, falando e defendendo as súas alegacións, vostedes, a concelleira Alejandra Permuy Meizoso e María Carmen Martínez Rodríguez, adoptan a posición de voceiras da CIG, facéndolle un flaco favor ao resto de traballadores, arrogándose unha competencia que non é súa. Así no debate dos orzamentos non dixeran nada das gratificacións pero o máis grave é que na Mesa de Negociación, logo de 01.40 h a CIG non fixo referencia ás gratificacións, pero ela, que segundo dixeron falou pouco, si que fixo referencia as gratificacións e todas as modificacións que se fixeron. Agora en cambio no papel da CIG aparece todo. As alegacións da CIG presentáronse porque ningún partido político representado no Pleno o podía facer, porque non o permite a Lei. Vai ser ousada, xa que vostede o foi na súa intervención cando dixo que non estaba a favor do cambio dos postos de traballo e dille que non vai entrar nese tema porque é un asunto de persoal e da Área de Servizos, non obstante vai ofrecerlle unhas pinceladas por riba. Pensa que os traballadores están no seu posto de traballo. Pídelle á voceira do grupo Mixto municipal que non fale do electricista pois este esta na súa casa cunha incapacidade. Aquí non hai outro, o que hai é un señor ao que Juventino Trigo lle pagou un carné de conducir. Non quere entrar nestes temas, pero cando fala de electricidade non fala da avaría de farolas, nin fala de semáforos, fala de inversións, do capítulo VI, non dos arranxos dos servizos de todos os días. Di que non se pode falar no Pleno con nomes, as empresas privadas non as inventou o PP no ano 2011, levan traballando aquí toda a vida, así hai unha empresa en Campolongo que traballou aquí toda a vida, tanto na época do BNG, como na época do partido Socialista no que seguiu traballando e logo na época do PP que tamén seguiu traballando. Do ano 2015 ao 2018 non mirou as súas facturas, pero non se pode dicir que non hai reparacións porque sempre se fixeron reparacións con electricistas municipais e empresas privadas. Non é obxecto de negociación do orzamento os cambios organizativos do goberno, non é unha condición de negociación nos orzamentos, nin na Mesa de Negociación. Pensou que habería esa capacidade por parte da oposición e dos representantes sindicais. Non quería entrar neste tema pero parécelle vergoñento como acabou a Mesa de Negociación cando o asesor da CIG rematou dicindo, logo de 01.40 h, que o que quería a CIG era que fulano e citrano volveran aos seus postos de traballo. Ao asesor da CIG se lle explicou que iso non era obxecto de debate orzamentario e vostede, pola concelleira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, sabe que non é obxecto de negociación, pero ten que vir cumprir aquí co seu papel. O BNG non pode presentar alegacións aos orzamentos e ese é o favor que lle fixo á CIG, pero tamén cree que o BNG veu facer aquí, como voceiros, o traballo que outros lle fixeron e que non puideron facer cos seus votos, que non é outra cousa que paralizar o Concello, que non saian uns



orzamentos, dos que avanza que a súa idea é que sexan ata o 31 de decembro. Dille á oposición que sexa consciente de que o goberno segue a negociar cos traballadores e vaise negociar as cuestións que sexan obxecto de negociación colectiva. Hai unha cousa que non é obxecto de negociación deste orzamento e anuncia que o goberno non vai perseguir a ninguén porque non sexa partícipe das ideoloxías políticas dos concelleiros do goberno. Aquí véñse traballar, sexa do partido que sexa, máis que cando se saia pola porta se faga o que se teña que facer. Vaise seguir negociando o que sexa obxecto de negociación e ao goberno correspóndelle a organización. Vaise seguir traballando dentro da legalidade a expensas de poder cometer algún erro. Este goberno está composto por 9 concelleiros, pero hai un informe técnico que avala a decisión do goberno.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que antes díxose que hai quen se converte en fedatario da Xunta de Voceiros, pero iso é así só para o que lle convén. Dille á voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que cando vostede di esas cousas sabe tamén que estas alegacións da CIG llas entregou el e díxolles que todos eran coñecedores, aínda que os voceiros da oposición dixeron que non, da existencia dunha mensaxe que circulou entre determinados traballadores no que se dicía que non triunfe a moción de censura, e se triunfa, que se faga o necesario para que non se faga nada. O Pleno de hoxe é o fiel reflexo desta mensaxe, estar aquí discutindo as alegacións para interromper a entrada en vigor dos orzamentos, algo que como partidos políticos non se atreven a facer e, ampáranse na CIG, igual que se amparan en anteriores voceiros do BNG para presentar alegacións ao Consello de Deportes, para presentar unha denuncia ante Portos de Galicia pola Festa Mariñeira, para influír na Ampa do IES para que se destrúan as pistas de atletismo e se faga un aparcamento para os autobuses, cando pasaron 25 anos e hai menos poboación e alumnos no IES e non se fixo nada ao respecto. É dicir, hai que buscar confrontación como sexa e o BNG, como están aí as eleccións do mes de maio, como grupo non se atreve a facelo e o están facendo por outros medio, non obstante, o tempo porá a cada un no seu sitio.

De seguido fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que non vai ser o goberno quen lle diga o que teñen que facer como oposición e espera que todo o que dixo o alcalde conste en acta e o poida demostrar, aínda que non o vai poder facer porque é mentira. A intelixencia xa se sabe que a ten o goberno porque tachan á oposición de pouco intelixentes. Dille ao voceiro do partido Socialista que o goberno esta aí e pídelles que deixe ao BNG tranquilo, facendo a oposición que queira facer. O BNG non se arroga nada da CIG aínda que están totalmente de acordo con eles, claro que si, ou é que non poden estalo?, ou o BNG vai ter que preguntarlle a el?. O partido Socialista xa lle pregunta ao PP e a Somos Fene, o que é cousa súa, pero deixe que o BNG pense e faga o que lle veña en gana e non o que vostede queira que faga. Dille ao voceiro do grupo municipal Socialista que o seu grupo esta farto de que as súas críticas veñan aquí e non aí, onde esta o goberno que é quen goberna, e pídelles que deixe tranquilo ao BNG. Evidentemente esta superorgullosa de non ter nada que ver co voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, sobre todo con el e todo o que representa.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que en algo tiña que coincidir coa concelleira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso. Dille que coincide nesa última parte e esta moi orgulloso de non se parecer a nada do que ela representa nin o seu voceiro, absolutamente orgulloso. O que non ten feito nunca é vir aquí a facer o ridículo aceptando a vasalaxe de quen é a organización que dirixe ao BNG, algo que non é de agora senón que é de hai ben anos. Contéstalle á voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que a ignorancia é ben atrevida e no seu caso leva esta máxima ao seu maior grado. Falou de cousas que non sabe e moitas veces tamén fala de cousas que non entende. Por falar das que non sabe, e non o di por corrixila porque vai falar do que queira aínda que saiba que é mentira o que di, xa que se lle interesa o seguirá dicindo. Por tanto espera pouco ou nada dela pero para que quede constancia no Pleno dille que no debate dos orzamentos 2016 non sabe nada, nin como se fixeron, nin como se presentaron nun principio, agás o que se lle dixo aínda que escoita o que quere escoitar. No 2016 el e o PSOE abordaron a negociación dos orzamentos dentro do goberno mantendo un parámetro fundamental, así o dixo dende un principio, tan importante é para o seu grupo a negociación dos números do orzamento como é a negociación das bases do orzamento, que é como o lexisla, o xeito de como gastar ese orzamento. Estes dous asuntos eran fundamentais e atopáronse con que alguén, de trampulleiro, como fixo sempre, intentou colarllela e aproveitou unha Xunta de Voceiros na que non estaba para aproveitarse da boa fe do compañeiro que o substituíu ao propoñer unha fórmula de debate e dar por sentado no debate que xa se negociara todo. Logo o seu grupo falou aquela tarde e comprobou que non se negociaran as bases de execución, tanto así que o seu grupo nin as tiña, nin as vira. A partir disto o seu grupo dixo que non



pasara nada e propuxo seguir falando ata o xoves, atopándose con que cada vez que pediron unha reunión, así como todas as reunións que houbo dende o luns ao xoves foron a petición do seu grupo e non do BNG, é dicir, da persoa que presentaba os orzamentos, que estivo enrocado ata o final. Así os únicos que intentaron salvar a situación foi o seu grupo pedindo xuntanzas ata intentar esgotar todas as vías posibles de negociación e baixar as súas peticións en canto aos contidos das bases de execución ata un mínimo ridículo, só para testemuñar que había vontade de diálogo e de seguir falando as cousas que previamente había. Dese acordo o único responsable é quen os presenta e se caeron os orzamentos o único responsable é quen estableceu un proceso de negociación onde o único que pretendeu foi enganar aos sentados na mesa e non foi quen de ser leal con quen, naquel momento, formaba parte do seu goberno. Non obstante, dille á voceira do grupo Mixto municipal que disto non sabe nada porque non estaba no goberno. Sabe dos díxomes e cree os que quere, sinxelamente, sen se molestar en constatar a realidade porque a realidade non lle interesa, só lle interesa as comédias que monta aquí no Pleno. Dille, tanto a EU como ao BNG, que isto non é unha cuestión da oposición nin do goberno, a cuestión é que aquí algúns pretenden manter e pretender que sobrevivan os privilexios que se estableceron no Concello durante décadas, así algunhas organizacións están sentadas ao lado porque foron cómplices tanto de orzamentos como de máis cousas. Dixéronlle que a el lle montaron algunha folga, do que esta orgulloso, porque os premios á negociación daquel convenio foron que se chegou a un acordo coa Policía Local e o acordo durou 12 horas, dende aquel día á noite, que saíron do Concello sobre as 23.00 h ata as 12.00 h do día seguinte no que os representantes da Policía reuníronse co sindicato que, BNG e EU agora representan ou obedecen, sindicato que lles dixo aos traballadores que non podía ser, aínda que lles gustase. En Fene o BNG e a CIG teñen un problema, porque naquela negociación tamén tivo ocasión de falar con quen daquela era o máximo responsable comarcal da CIG, e entre outras cuestións formulouse o tema de que existían problemas co convenio colectivo, e logo de ler o acordo, este responsable preguntoulle se isto non llo asinaban?, afirmando que non entendía nada. A partir disto hai que pedir explicacións do que pasa coa CIG neste Concello, explicacións que non lle interesaban daquela e non lle interesan agora, porque trátase dunha organización que nestes momentos lle é absolutamente allea. Di nestes momentos porque como ben saben, el foi delegado sindical da CIG. Dille á voceira do grupo Mixto municipal que pode entender que se vexa obrigada a facer un papel aquí e é libre de facelo, xa se verá o que se transmite á rúa, pero hai moito tempo que non sabe de ningunha posición propia súa, de feito semella que hai tempo que se fundiron nunha soa organización. Dille á concelleira do grupo municipal do BNG que o que pasa con esta cuestión é que sabe perfectamente o que veu facer aquí e non puido disfrazar isto co que non é. As seccións sindicais deste Concello non están no Pleno, por moito que o BNG e a CIG teñan pensamento único e pensen que os únicos que representan á sociedade son eles, pero o que si esta claro é que o BNG ten catro representantes e a CIG perdeu a maioría nas últimas eleccións de representantes dos traballadores e hoxe CSIF e UGT son máis traballadores que os que representan a CIG. O curioso é que as alegacións só as presenta o sindicato que lle dá ordes ao BNG e aquí o que se esta a vivir non é un Pleno, senón un esperpento, do que vostedes, polo BNG e EU, son protagonistas.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, di que non vai incidir cos argumentos xa dados. Esta de acordo co voceiro do grupo municipal Socialista cando di que isto é un esperpento, pero sí quere lembrarlle algo ao BNG, respecto das alegacións da CIG, que cando din que se producen actuacións gravísimas cando se despraza a un traballador do seu posto de encargado, sen fundamento, nin argumentación ou motivación algunha. Lembra unha das primeiras Xuntas de Goberno Local do tripartito no que se falou dos postos de traballo e el, membro daquel goberno e novato no Concello, preguntou no que se falou dos postos de traballo e el, membro daquel goberno e novato no Concello, preguntou no que era posible que o encargado titular non exerce de encargado?. Déronlle explicacións do porque e logo preguntou, quen vai ser o encargado?, como se elixe entón un encargado?. Contestáronlle que o que sería a motivación ou fundamento que fixo que o grupo de goberno propuxera a un traballador para exercer as funcións de encargado, que fose persoal da súa confianza. Agora estase na mesma situación e o encargado que hai e que cobra por encargado, imaxina, non exerce de encargado e cada goberno pon ao seu persoal de confianza como encargado. A motivación e fundamento que serviu daquela a aquel grupo de goberno servirá exactamente igual para este goberno.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, que di que, evidentemente, non se cree sempre na posesión da verdade, pero lembra que moitos Plenos, nos que había debates polo que aconteceu en Voceiros, EU sempre defendeu que tiña que contar cun secretario ou secretaria e levantar acta, aínda que ninguén lle escoitou. A voceira do grupo municipal do PP dixo que ela viñera coa idea de remover a política en Fene e ese papel lle corresponde aos socios de goberno do PP, non a ela. Alégrase de que o subconsciente vaia por riba



do que un pensa, xa que a voceira do grupo municipal do PP dixo claramente que lembre que eles son 5 na oposición, algo que se sabe dende hai moito tempo. Tampouco leu na acta da Mesa de Negociación que os representantes da UGT fóronse pola actitude do asesor da CIG, por iso non sabe ata que punto se ten que fiar da súa palabra. Para o orzamento non houbo ningunha reunión, entregoulle o borrador e aí acabouse o conto, pero o normal sería reunirse para negociar, como fixeron cando gobernaron na anterior lexislatura. EU non é voceiro nin da CIG nin de ningún outro sindicato, son voceiros da súa propia organización. Respecto da mensaxe de whatsapp que dixo que circula por aí xa dixo na Xunta de Voceiros que non a viu nin ten nin idea, pero dende logo, se realmente di que existe esa mensaxe a debería traer e pensa que é un xeito de cargar contra os traballadores, porque o que vén dicir é que os traballadores tiñan orde, entre comiñas, de facer o que di a mensaxe.

De seguido intervén o alcalde que dille á voceira do grupo Mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, que non saque as cousas de quicio. Nunca dixo a quen llo veu, nin quen o recibiu, nin a onde se mandou. Rógalle que se limite ao que dixo que é que sabe da existencia da mensaxe.

Prosegue a dicir a voceira do grupo Mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, que ela non ten nin idea disto e ela tampouco negociou nada coa Ampa do IES, EU non. Espera que se ten probas disto as achegue, porque EU non negocia co IES para poñerlle pedras ao goberno, nin negociou cos veciños da rúa, porque se tivese esa capacidade asegúralle que tería a alcaldía de por vida. Rógalle ao alcalde que cando diga as cousas teña un xeito de demostralo.

Contéstalle o alcalde dicíndolle que é quen pon en boca de todos canto se di o que se fala na Xunta de Voceiros sen podelo demostrar. Pon cousas na boca do señor Noceda, do señor Bastida ou na súa boca, semellando que é vostede quen ten a verdade absoluta cando non o pode demostrar.

Prosegue a dicir a voceira do grupo Mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, que é moita hora de poñer un secretario ou secretaria levantando actas e se non vai, será porque non lles convén. Respecto a que EU tomou partido por un lado ou outro, dille ao señor Noceda que foi el quen lle levou a unha xuntanza no seu local no momento no que os expulsaron do goberno e contoulles o que lle pareceu. Ela fixo un balance entre as súas palabras e as súas actuacións e como non lle convenceu as súas actuacións, xa que aos dous días de falar con ela pediulle que apoiara unha moción de reprobación cando ben llo podía ter contado toda naquela reunión para que puidera decidir. Non vai facer o que diga a CIG nin o que diga o BNG, pero tampouco vai facer o que lle diga o PSOE. Pregúntalle ao voceiro do grupo municipal Socialista se ao seu grupo o chamaron para consensuar este Pleno?. Pregúntalle porque a ela non lle preguntaron nada.

Seguidamene fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di, por alusións, que para este Pleno convocaron ao seu grupo en tempo e forma.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal Socialista, que esta farto de escoitar dalgúns que digan que son cinco na oposición. Iso non é certo. Na oposición hai tres concelleiros do partido Socialista, non hai outra, porque vostedes, polo BNG e EU, son os concelleiros da destrución, porque outra cousa non saben facer, así como da vagancia, porque nos seus anos de goberno non fixeron nada, xa que o BNG o único que sabe facer é nada ou destruír. So hai unha parte que teñen razón, son cinco, os da destrución.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que quere aclarar que non lle preguntou ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, se o convocaron senón que como dixo, sempre se consensuaron as datas dos plenos, comisións ou mesas de negociación extraordinarias e iso foi o que lle preguntou, consensuou o goberno a data deste Pleno?.

De seguido fai uso da palabra o alcalde que di que pensa que o tema da Xunta de Voceiros xa esta bastante mareado. En primeiro lugar a Xunta de Voceiros non esta regulamentada e que saiba que a Xunta de Voceiros a comezou a facer o PP. Dille á voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que ela estivo no goberno xunto ao BNG e non o regularon, como tampouco o fará o seu goberno. Que diga que non ten nada que ver coa CIG e que nada quere saber, pero logo pediu que constase na acta que quere presentar o escrito da CIG polo que rógalle que se aclare. Respecto do resto dille que si pode probar o que dixo, porque as alegacións feitas polo anterior voceiro do grupo municipal do BNG feitas ao Consello Escolar de Deportes están aí por escrito. A denuncia ante Portos de Galicia pola realización da carreira da Festa Mariñeira conforme se



interrompeu a entrada a determinados veciños é unha realidade onde consta como denunciante. Que é o presidente da Ampa do IES tamén é coñecido por todos. Este Pleno está convocado para rexeitar as alegacións da CIG porque non se cinguen ao marco legal. Respecto de quen falou como electricista dille que non o é, trátase dun señor ao que o anterior goberno lle pagou, como peón municipal, o carné de conducir.

A continuación a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, di que ela non estaba no goberno.

O Sr. Galego Feal prosegue a dicir que o anterior alcalde ordenou pagarlle o carné de conducir para que puidese ir no camiión dos electricistas. Respecto da decisión de pagar o carné, a fiscalía de Ferrol arquivou o procedemento, se ben fixo constar que era unha irregularidade e pediu que se dese conta á inspección de traballo. Por outro lado, respecto da praza de encargado do Concello, unha esta cuberta e outra vacante, polo que non sabe porque se fala do encargado, cando o anterior goberno non sacou esa praza para cubrila.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que contéstalle á voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que uns días antes do Pleno falou cun membro do goberno por outras cuestións e lle comentou a posibilidade de facer este Pleno o martes, pero non o negociaron nin o consensuaron. Tamén lémbrale que a obriga é a que é, a de convocar, e os membros do anterior goberno pouco deberían ter que dicir, cando o seu goberno tivo convocado comisións e plenos extraordinarios sen consensualos con ninguén.

A concelleira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que minte.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que pregúntalle ao alcalde respecto da denuncia que fixo o señor Polo pola Festa Mariñeira, se está feita a título particular ou como membro da Ampa.

Contéstalle o alcalde que será a título persoal, e pregúntalle como vai ser como membro da Ampa?. Dille que el só lle explicou unhas circunstancias que se deron e que é moi libre de pensar ou malpensar se quere.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene), 3 abstencións do grupo municipal Socialista e 3 votos en contra (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR as alegacións presentadas por D. Jesús Sánchez Cea (nº rexistro de entrada 5292/2018 do 22 de agosto de 2018), en nome da Confederación Intersindical Galega por non corresponder ás causas taxadas para alegar en contra dos orzamentos recollidas no artigo 170.2 do TRLHL.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Fene para o exercicio económico 2018 xunto cos documentos que o integran, dando conta á Comisión Informativa de Dinamización Económica na súa primeira sesión que celebre, en cumprimento do disposto no artigo 126.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sendo o resumo por capítulos o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Previsión Inicial
1	Impostos directos	4.336.785,79
2	Impostos indirectos	158.459,13
3	Tasas e outros ingresos	2.381.750,22



4	Transferencias correntes	3.663.702,48
5	Ingrésos patrimoniais	49.890,98
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	50.000
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS.....		10.640.588,60

ESTADO DE GASTOS		
Capítulo	Denominación	Crédito Inicial
1	Gastos de personal	4.428.285,67
2	Gastos en béns correntes e servizos	4.842.094,27
3	Gastos financeiros	17.420,89
4	Transferencias correntes	724.126,45
5	Fondo de contingencia	390.000,00
6	Investimentos reais	152.425,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	50.000,00
9	Pasivos financeiros	36.236,32
TOTAL ESTADO DE GASTOS.....		10.640.588,60

TERCEIRO.- Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira para o exercizo 2018 de acordo cos cálculos da regra de gasto e que ascende a 10.835.290,50 €

CUARTO.- Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.260.542,74 euros.

QUINTO.-Publicar o Orzamento definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

SEXTO.- Remitir copia do referido Orzamento á Administración do Estado así como á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto no artigo 169.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 10.30 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria accidental Carmen López Villar e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.